

As vangardas galegas teñen sido tratado desde a crítica galega dun xeito un pouco inxusto. Tradicionalmente só se recoñecía como poeta plenamente vangardista ao rianxeiro ao Manuel Antonio e, dependendo do autor, algunha concepción había para autores como Amado Carballo co seu hilozoísmo ou Euxenio Montes e, sendo eles máis xenerosos, había quen tiña o neotrobadorismo como unha liña poética rupturista aínda que se fundamentaba na máis afastada tradición literaria galega.

Desde hai uns anos estase revisando estes primeiros supostos desde os traballos de autores como Carlos López Bernardéz, Ana Acuña ou Ramón Nicolás e X.R. Pena. Xa non se nega o fenómeno literario de vangarda no noso país. Moi pola contra, pescúdase a influencia de homes como Risco, Xoán Vidal ou o propio Correa Calderón que será figura senlleira neste traballo.

Dicir Vangarda

Contra a ortodoxia



HEÍTOR MERA



Xulio

Pardo de Neyra trae unha análise exhaustiva sobre os fenómenos nidiamente vangardistas de principios do século XX e amosa a faciana máis rachadora destes intelectuais e artistas interesados en crear desde Gali-

cia unha literatura á altura do que se estaba facendo en Europa. Mais, este afán diferenciador nas artes teñen a súa praxe tamén no eido ideolóxico. Non se pense que as vangardas galegas estiveron á marxe do ideario nacionalista que agromaba daquela. Non se pense que era un movemento elitista, burgués que pre-

tendía poñer de manifesto certa superioridade intelectual desde os postulados da revolución artística. Os manifestos vangardistas e todo o que houbo arredor do labor destes homes inqueda estaba intimamente ligados ao movemento nacionalista das Irmandades da

Fala. As propias Irmandades das diferentes cidades e localidades galegas apoiaron estas iniciativas de maneira que, non é tan axustado separar o labor dos compoñentes da chamada Xeración Nós do labor dos poetas vangardistas. Hai un lazo común que os une de forma inequívoca e que os fai ser parte dun mesmo movemento literario rachador, cada un á súa maneira, co costumismo decimonónico.

O traballo de Pardo de Neyra vén fortalecer cun traballo moi ben documentado esta liña de investigación que pon en entredito o que moitas veces se di nos colexios e institutos sobre a literatura de vangarda na literatura galega. Entendemos que aparcando prexuízos sobre esta literatura e a súa época, os autores dos novos libros de texto e manuais de literatura deben ter moi presente e seguir traballos como o de Pardo de Neyra. Non favelo suporía realizar traballos desfasados desde o seu nacemento.

PARDO DE NEYRA, *Xulio, Literatura galega de vangarda*, Ed. tresCtres, Santa Comba, 2007, 299 páxinas.